

Bases do sorteo dunha Cesta de libros de Nadal

OBXECTO

A Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación sorteará un lote de libros polo Nadal.

DEPÓSITO DE BASES

As Bases do presente concurso estarán a disposición de calquera persoa que desexe consultalas na [intranet pública](#) da Biblioteca Universitaria.

PREMIOS

Será obxecto do sorteo un lote único de libros.

PARTICIPACIÓN

A participación no sorteo está limitada a membros da comunidade universitaria que fagan uso dalgún dos puntos de servizo da Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación (Campus Norte/Campus Vida) entre o **12 de novembro e o 12 de decembro**.

METODOLOXÍA

As persoas interesadas deberán cubrir unha papeleta co seu número da TUI.

SORTEO

O día **15 de decembro ás 12:00 h** terá lugar o sorteo. Seleccionarase un número de xeito aleatorio mediante a ferramenta ÉchaloASuerte.

A biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación poñerase en contacto coa persoa gañadora a través do correo electrónico institucional, quen contará cun prazo dun mes dende esta comunicación para recoller o lote de libros.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación resérvase o dereito de facer modificacións e tomar iniciativas que non estean recollidas explicitamente nestas bases, sempre que contribúan á mellora do concurso, e non alteren a súa esencia.

A participación no sorteo implica a aceptación destas bases.
